

## **BASES PARA PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL DA ASOCIACIÓN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) A MARIÑA ORTEGAL**

A Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro(GALP) A Mariña-Ortegal por acordo da súa Xunta Directiva, en data 25 de xaneiro de 2021 elixiu a Comisión de Selección de Persoal, que está composta polos seguintes membros:

- D. Javier Martínez Otero \_Presidente \_Representante do Sector Pesqueiro.
- D. Jesús Fernández Fernández \_Secretario \_Representante do Sector Social.
- D. José Basilio Otero Rodríguez \_Representante do Sector Pesqueiro.
- Dª. Cristina Trasancos Polo \_ Representantante do Sector Pesqueiro
- D. Ramón Rivas Villares \_ Representante do Sector Social
- D. José Antonio García Fernández \_ Representante do Sector Social.
- D. José Manuel González López \_ Representante do Sector Económico
- D. Juan José Huerga Álvarez \_ Representante do Sector Económico
- Dª Ana Mª López Fernández \_ Representante do Sector Público
- D. Pablo Diego Moreda Gil \_ Representante do Sector Público
- Dª. María del Carmen López Moreno Representante do Sector Público

Ao carecer o GALP A Mariña-Ortegal de medios materiais e persoais para a xestión do proceso para a selección de xerente, consonte á normativa que rexe a contratación da asociación establecida no Convenio de colaboración coa Consellería do Mar, decidiuse externalizar na empresa ADM FRANCHISING GALICIA S.L a xestión do mesmo.

En todo caso, o GALP A Mariña-Ortegal, a través da súa presidencia, poderá inspeccionar e impartir instrucións á empresa que xestione o concurso para un mellor desenvolvemento



deste, podendo requisitar, en calquera momento, a información que estime oportuna que deberá ser subministrada de inmediato pola mesma.

Por acordo de Xunta Directiva do GALP A Mariña-Ortegal, en reunión celebrada o 9 de outubro de 2023, dispúxose convocar novamente unha praza de xerente, habendo quedado deserta dita praza no proceso anterior por falta de candidatos que pasaran á segunda fase do proceso. Quedan aprobadas por unanimidade , en reunión da Comisión de Selección de Persoal do GALP A Mariña-Ortegal, celebrada o 16 de outubro de 2023, as seguintes bases reguladoras:

#### ***PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.***

O obxecto da presente convocatoria é a provisión do posto de xerente do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal (en adiante, GALP A Mariña-Ortegal), ó abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027.

Establécese un período de proba de seis meses.

O proceso de selección constará de tres fases:

- FASE I: Proba escrita de coñecementos
- FASE II: Valoración de méritos
- FASE III: Entrevista

As funcións do posto de traballo obxecto da convocatoria son:

- Dirixir e coordinar ao equipo técnico
- Asumir a xestión de recursos na actividade diaria do GALP.
- Organizar estratexias e consecución dos obxectivos que planifiquen os órganos do GALP A Mariña-Ortegal
- Dinamizar e xestionar os expedientes de subvencións, no marco das obrigas do GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

- Asesorar sobre necesidades de financiamento de proxectos enmarcados no FEMPA
- Informar e prestar asesoramento ás persoas e entidades promotoras
- Captar e analizar iniciativas de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos, mobilizando e dinamizando sectores de poboación, particulares, empresas e emprendedores.
- Analizar e avaliar os proxectos presentados, elaborar informes respecto ás iniciativas e seguimento das certificacións.
- Informar á Xunta Directiva sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo técnico.
- Dinamizar colectivos para a posta en marcha de proxectos convxuntos
- Responsabilizarse da consecución dos obxectivos marcados pola EDLP
- Realizar o seguimento e a avaliación da EDLP
- Control e seguimento dos proxectos finanziados e do cumprimento das obrigas por parte dos beneficiarios, acordo coas directrices establecidas pola autoridade de xestión
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou a Presidencia do GALP A Mariña-Ortegal , así como as actuacións previstas no FEMPA que marque a Consellería do Mar, no marco das obrigas do GALP como entidade colaboradora desta.
- E, en xeral, atender aquelas tarefas que, desde os órganos de goberno do GALP, se consideren oportunas.

## ***SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS.***

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

- **Denominación.-** Xerente.
- **Titulación.-** Titulación mínima de licenciado ou equivalente; título universitario de master, grao ou calquera outro título universitario do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior.



- **Réxime de contratación.**- Contratación laboral séndolle de aplicación as fontes de ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores. A contratación será en réxime de dedicación exclusiva ao GALP con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.
- **Retribución bruta anual.**- Será a que figure nos orzamentos do GALP, dentro dos límites establecidos na cláusula 17.4.a) do Convenio de Colaboración asinado entre o GALP e a Consellería do Mar da Xunta de Galicia.
- **Duración do contrato.**- Quedará supeditada á implementación da totalidade da aplicación da EDLP do FEMPA 2021-2027 e do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal.
- **Modalidade de contratación.**- O contrato será de carácter indefinido e a tempo completo. Establecese un período de proba de seis meses.
- **Centro de traballo.**- Actualmente o centro de traballo está ubicado na sede do GALP (Rúa Misericordia, 35, baixo , Viveiro).
- **Xornada.**- A establecida polo GALP A Mariña-Ortegal. Deberá ter dispoñibilidade horaria para a asistencia a reunións cos diferentes colectivos, axentes sociais e órganos da Asociación, que sexan requiridos para o axeitado desenvolvemento dos seus obxectivos, así como para o desenvolvemento das súas funcións.

### ***TERCEIRA.- REQUISITOS.***

Poderán tomar parte no proceso de selección todas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán/á dun Estado membro da Comunidade Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumplidos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación mínima de licenciado ou equivalente; título universitario de master, grao ou calquera outro título universitario do nivel 3





do marco español de cualificacións para a educación superior.

- d) Posuir mínimo o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).
- e) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- f) Dispoñibilidade de vehículo.
- g) Non estar incurso en causa de incompatibilidade, segundo a lexislación vixente.
- h) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os/as aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena pena, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- i) Non desenvolver cargos electos na Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña-Ortegal, nin ningún outro GALP.
- j) Dispoñibilidade horaria.
- k) Dedicación exclusiva.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumplirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias, e manter os mesmos durante o proceso selectivo e durante o período de vixencia do contrato.

#### ***CUARTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES.***

**4.1.-** A convocatoria publicarase no diario de maior tirada na zona pesqueira ou da provincia, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP A Mariña-Ortegal, no taboleiro de anuncios da sede do GALP, na páxina web que estableza a Consellería do Mar, (para a cal lle enviará unha comunicación do anuncio), así como na web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)) , co obxecto de darlle a máxima difusión.



A publicidade das sucesivas fases do proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)).

**4.2.-** As bases polas que se rexerá a selección e posterior contratación do persoal do GALP A Mariña-Ortegal poderán ser consultadas na páxina web: [www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal) ou ben chamando o teléfono: 986507122 en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

**4.3.-** As persoas que desexen participar no proceso, deberán facelo constar nunha solicitude que poderá presentarse no modelo normalizado de instancia para a inscrición no concurso que se achega como **Anexo 1**. A participación no proceso selectivo será gratuíta.

**4.4.-** As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira, estarán dirixidas ao **Sr. Presidente do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal** e presentarase ben presencialmente, ben por correo ordinario certificado ou en sobre pechado nas oficinas da empresa encargada da xestión do procedemento:

ADM FRANCHISING GALICIA S.L

AVDA AGUSTIN ROMERO, 1 PRIMERO

36600 VILLAGARCIA DE AROSA

PONTEVEDRA

#### DIRECCIÓN E HORARIO OFICINA PARA ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

LUNS A XOVES: De 8:00 A 18:00 horas ; VIERNES: De 8:00 a 14:00 horas

Naqueles casos nos que a presentación se faga por correo ordinario certificado, deberase xustificar a súa presentación mediante o envío de copia selada por correo electrónico a: [egg@admasores.com](mailto:egg@admasores.com) antes das 15:00 horas do último día do prazo de presentación.

O cotexo da documentación poderá realizarse, no seu caso, na oficina encargada da xestión do procedemento, ADM FRANCHISING GALICIA S.L



As solicitudes serán presentadas no prazo máximo de 15 días hábiles, contados dende a última publicación nos medios indicados na Base 4.1., debendo realizarse segundo o modelo que se xunta como ANEXO 1 ás presentes bases.

**4.5.-** A instancia - solicitude será necesario acompañala dos seguintes documentos:

- a) Copia do D.N.I. (O GALP A Mariña-Ortegal resérvese o dereito de solicitar en calquera momento do proceso o documento orixinal)
- b) Copia do permiso de conducir.
- c) Copia da titulación requerida.
- d) Copia do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).
- e) Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
- f) Copia dos xustificantes dos méritos alegados.
- g) Copia do informe de vida laboral e contratos.
- h) Declaración responsable de dispoñibilidades de vehículo.
- i) Declaración responsable de non estar incurso nas causas de incompatibilidades aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
- j) Declaración responsable a de non estar incurso en causas de incapacidade, nin ter sido declarado en tal situación, segundo a lexislación vixente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercizo da súa capacidade xurídica.
- k) Declaración de non desempeño de cargos electos na Asociación GALP A Mariña-Ortegal nin en ningún outro GALP.
- l) Declaración responsable de que no caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con dedicación exclusiva.

**A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección.**

En calquera momento do proceso o GALP poderá solicitar a documentación orixinal para o seu cotexo.

**Asemade da documentación esixida para ser admitido/a, os/as aspirantes deberán de presentar na mesma data:**

- A documentación acreditativa dos méritos e da experiencia que aleguen para a súa avaliación.

A documentación acreditativa deberá de estar vixente, e por ende desplegar todos os seus efectos, á data indicada na Base 4.3 anterior e ó longo de todo o proceso selectivo.

Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convenientemente.

**4.6.- Prazo de presentación:**

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días hábiles** (de luns a venres, excluídos festivos) contados dende a última publicación nos medios indicados na base cuarta.

**QUINTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO**

**5.1.-** Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias en no período máximo de 5 días naturais, publicarase a relación provisional de persoas admitidas e excluídas con respecto á documentación esixida, que será publicada no taboleiro do GALP A Mariña-Ortegal e na web [www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal), indicando as causas de exclusión e concedendo un **prazo de dous días hábiles** para subsanación de defectos ou presentación de reclamacións.

De terse presentado reclamacións á dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aproba a lista definitiva, que será feita pública e exposta na forma indicada anteriormente.

De non existir persoas excluídas na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, esta omitirase elevándose dita lista a definitiva.

Os erros de feito, poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición da persoa interesada.

No caso de que a Comisión de selección estime que ningunha das persoas presentadas reúne a cualificación esixida para o desempeño do posto de traballo convocado, poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria.

#### **5.2.- Comisión de Avaliación:**

Estará constituída pola Comisión de Selección elixida en Xunta Directiva da seguinte forma:

- D. Javier Martínez Otero (Presidente)
- D. Jesús Fernández Fernández (Secretario)
- D. José Basilio Otero Rodríguez.
- Dª. Cristina Trasancos Polo
- D. Ramón Rivas Villares
- D. José Antonio García Fernández
- D. José Manuel González López
- D. Juan José Huerga Álvarez
- Dª Ana Mª López Fernández
- D. Pablo Diego Moreda Gil
- Dª María del Carmen López Moreno.

A Comisión no poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros, adoptándose as decisións pola maioría dos membros presentes na elección, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente, que deberá estar presente durante todo o proceso, ou estar representado pola Vicepresidencia, en caso de ausencia ou enfermidade.



Acordouse a incorporación de asesores técnicos e especialistas para a xestión do Procedemento de Avaliación. Sendo estes asesores, ADM FRANCHISING GALICIA S.L que serán os encargados do asesoramento técnico no proceso avaliador, encargados de velar polos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ó posto obxecto das presentes Bases.

As persoas membros da Comisión de Selección deberán actuar con imparcialidade, e polo tanto, absterse de formar parte da mesma cando, por analogía, concorran as causas de abstención e recusación previstas no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.

A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria. Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará motivadamente os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

### **5.3.- Calendario de realización das probas e actuación dos aspirantes**

Conxuntamente coa lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, publicarase a data, hora e comezo do Procedemento de Selección, convocándose ás persoas aspirantes definitivas para a realización de cada unha das fases do proceso que se desenvolve de seguido, no prazo de dous días hábiles entre a convocatoria e a realización da primeira proba e publicándose os resultados entre os dous días e cinco días hábiles seguintes á realización de cada unha.

### **5.4.- Procedemento de selección**

#### **a) Fase 1: Proba escrita**

As persoas admitidas realizarán unha proba escrita que se valorará cun máximo de 10 puntos centrada sobre as seguintes materias:

- ORDE do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro

(GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (código de procedemento PE155A).

- Estatutos da Asociación GALP A Mariña-Ortegal
- Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación GALP A Mariña-Ortegal.
- Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALP A Mariña-Ortegal FEMPA 2021-2027
- Criterios de Selección para a concesión de axudas do programa do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Instrucción 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014- Libro Segundo-Dos contratos das Administracións Públicas.

Na web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)) , habilitarase o acceso á base bibliográfica para a súa consulta.

A proba constará de 20 preguntas tipo test con resposta única. Por cada pregunta contestada correctamente outorgaranse **0,5 puntos**, e cada **respuesta incorrecta restará 0,10 puntos**. A duración para a realización da proba será de 60 minutos

Esta proba será eliminatoria, sendo preciso para superala un **mínimo de 5 puntos**.

Co fin de garantir o anonimato dos aspirantes o procedemento será o seguinte:

- Os aspirantes recibirán un impreso para consignar os datos persoais e dous sobre, un pequeno e outro grande.
- Os aspirantes cubrirán o impreso cos datos persoais e o introducirán no sobre pequeno e o pecharán.
- Logo entregaráselles aos aspirantes os exames tipo test.
- Quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen aos autores (ou escritos a lapis), ou calquera outra marca que puidese romper o anonimato.
- Finalizada a proba escrita, esta incluirase no sobre grande que lle entregará aos responsables do proceso xunto co sobre pequeno que contén os datos persoais. Os responsables do proceso pegarán, diante dos candidatos, unha etiqueta adhesiva codificada no primeiro folio do exame e outra no sobre pequeno cos datos persoais.
- Ao finalizar a proba, os responsables do procedemento gardarán os sobre pequenos nun sobre grande, o cal será asinado por un mínimo de dous membros da Comisión de Selección así como por un representante da empresa encargada da xestión do procedemento, e non será aberto ata que finalice a cualificación anónima da proba escrita. Unha vez corrixida e cualificada a proba, procederase a apertura do sobre grande, para o cal se requirirá a presenza de dous membros da Comisión de Selección e un representante da empresa encargada da xestión do procedemento, e levantarase acta.

As persoas aspirantes terán que presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e bolígrafo.

Pasarán á seguinte fase do proceso selectivo as **seis persoas** que obtiveran as puntuacións mais altas superando o mínimo establecido.

#### **B) Fase 2: Concurso de méritos**

A valoración do Currículo vitae da persoa candidata **non poderá ser superior a 4 puntos** e non terá carácter eliminatorio.

Os méritos alegados polos solicitantes deberán referirse sempre a datas anteriores á data de finalización do prazo de presentación de instancias e deberán acreditarse mediante a presentación da documentación pertinente.

En ningún caso, se valorarán méritos non alegados ou non acreditados documentalmente en prazo.

A Comisión de Selección, na reunión que se convoque ao efecto, revisará a valoración realizada pola asistencia técnica dos méritos aducidos polas persoas candidatas e as cualificacións. Procederase á valoración dos méritos, acordo co baremo que figura a continuación:

- a) Posgraos ou Mestrados directamente relacionados coa planificación, dinamización e desenvolvemento local en administración ou xestión de empresas (0,5 puntos).
- b) Cursos de especialización de máis de 60 horas, relacionados coa temática da praza (hasta 0,1 puntos por curso hasta un máximo 0,5 puntos).
- c) Acreditación de experiencia previa demostrable mediante vida laboral, na avaliación, valoración e control de proxectos no eido do desenvolvemento económico local. Contar cunha experiencia previa en programas de desenvolvemento local de filosofía similar a FEMP (Leader, Proder, ...), dun Grupo de Acción Rural, Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro ou dunha administración pública (0,06 puntos por mes completo acreditado ata un máximo de 3 puntos).

- d) Ter impartido cursos ou ter participado como poñente en xornadas ou seminarios directamente relacionados co desenvolvemento local e a promoción de actividades económicas, empresariais ou comerciais, servizos á poboación, xeración e fomento do emprego e valorización do turismo. Só se acreditarán as actividades impartidas para Administracións Públicas, Colexios Profesionais, Sindicatos, Asociacións ou Confederacións de Empresarios. As horas destas actividades serán de carácter acumulativo, sumando o conxunto de actividades. Cando a duración sexa de 1 día computarase a todos os efectos 5 horas (0,1 puntos por cada 5 horas completas acreditadas ata un máximo de 1 punto).
- e) Certificado de Lingua Inglesa ou validación de estudos (máximo: 0,75 puntos)\*.
- Nivel Básico (equivalente ó B1 do Marco Común Europeo de Referencia): 0,25 puntos.
  - Nivel Intermedio (equivalente ó B2 do Marco Común Europeo de Referencia): 0,50 puntos.
  - Nivel Avanzado (equivalente ó C1 do Marco Común Europeo de Referencia): 0,75 puntos.

\* Os títulos de idiomas comunitarios deben ser expedidos pola Escola Oficial de Idiomas ou organismo competente e autorizado

A valoración dos méritos acreditados polos participantes será publicará no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web Xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro ([www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)) dandose un prazo de dous días hábiles para a presentación de alegacións. Resoltas estas, ou transcorrido o citado prazo sen que se presente algúns, publicaranse as baremacións de méritos definitivas e publicarase o lugar, data e hora das entrevistas persoais.

### **c) Fase 3: Entrevista persoal**

Os/as seis aspirantes que acadan a maior puntuación serán convocados/as pola Comisión de Selección para a realización dunha entrevista persoal.



A convocatoria para a entrevista persoal dos/das aspirantes que obtiveran a puntuación mínima na primeira fase publicaranse na páxina web do GALP A Mariña-Ortegal, nos apartados anteriormente citados, así como no taboleiro de anuncios da sede do GALP, e igualmente será realizada mediante correo electrónico individualizado remitido a cada un deles, agás, que este non se sinalase na solicitude.

Quedarán excluídos/as do proceso aqueles/as aspirantes que non compareceran á entrevista. Entre a convocatoria e a realización da entrevista deberá mediar un **mínimo de dous (2) días hábiles**. Os aspirantes deberán asistir á entrevista provistos do seu DNI e serán chamados por orde alfabético do seu primeiro apelido.

Na entrevista persoal de selección na que se valorarán, ademais dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, e de xeito especial, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, así como o coñecemento dos Estatutos do GALP A Mariña-Ortegal, os seus órganos directivos e o réxime de persoal e contratación; o seu obxecto social e actividades; as funcións do GALP “A Mariña-Ortegal”, no procedemento de concesión, seguimento, control e xustificación das axudas do FEMP establecidas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia, etc.; sendo a puntuación máxima a obter nesta fase de **4 puntos** e non terá carácter eliminatorio.

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro da comisión de selección será de 0,00 a 4,00 puntos. A cualificación final do exercicio será a suma de todas as cualificacións outorgadas polos membros da comisión, dividida polo número de membros que teñan puntuado.

#### 5.5. Condicóns xerais:

Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado nas bases. A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ao proceso de selección.





## **SEXTA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA**

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das tres fases. En caso de empate, desfarase optando por aquel aspirante que tivera alcanzado mellor puntuación na fase da proba escrita. De persistir o empate, optarase polo aspirante con maior cualificación na fase de entrevista.

En todo caso, non poderán ser seleccionadas más persoas que postos a cubrir, ou sexa, unha.

## **SÉTIMA.- ACTUACIÓN DE ASPIRANTES**

Os/as aspirantes serán convocados/as á primeira proba, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/ha aspirante ao exercicio da primeira e terceira fase no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia, do proceso selectivo.

## **OITAVA.- RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABALLO**

**8.1.-** Finalizada a cualificación das persoas aspirantes, a Comisión de selección publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, resultando seleccionado/a o/a aspirante con maior nota acadada .

Unha vez publicada a relación, os aspirantes terán dous días hábiles para presentar as reclamacións que teñan por convinte.

Acto seguido e unha vez resoltas as reclamacións si fose o caso, por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta da Comisión de Selección do aspirante con mellor puntuación.

**8.2.-** Notificada a resolución do nomeamento, deberá a persoa interesada comparecer nun prazo de cinco días para aportar a documentación necesaria para subscribir o contrato correspondente e comenzará a prestar o seu servizo no día indicado polo contratante. Asemade o/a aspirante seleccionado deberá fazer unha declaración por escrito na que conste que non está incurso/a nos casos de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando incorporado ao seu expediente persoal na sede do GALP.



Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
A Mariña-Ortegal



Rúa Misericordia, nº 35 Baixo  
27850 Viveiro (Lugo)  
Tfnos: 982 56 33 55 / 604 03 47 48  
galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

**8.3.-** Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, procederáse pola Presidencia da Asociación GALP A Mariña-Ortegal a realizar as contratacóns da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes.

#### ***NOVENA.- NORMA FINAL***

Os procedementos establecidos nas bases, así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Comité de selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

En Viveiro, a 8 de novembro de 2023

Asdo: D. Javier Martínez Otero  
Presidente do GALP A Mariña-Ortegal